


# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL



---

IES DO MILLADOIRO  
2024-2025



---

**IES do MILLADOIRO**

**DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30 de outubro de 2024**

**DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 30 de outubro de 2024**

**DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 4 de novembro de 2024**

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. OBXECTIVOS PARA O CURSO 2024-25.....	7
3. HORARIO XERAL DO CENTRO .....	15
4. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS .....	17
5. CONCRECIÓN CURRICULAR .....	19
6. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	19
7. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA .....	19
8. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA.....	20
9. COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA .....	20
10. COMITÉ DE IGUALDADE.....	21
11. PROGRAMA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO NO CENTRO .....	21
12. ORZAMENTO DO CENTRO.....	22
13. PLANS, PROGRAMAS E PROXECTOS.....	23
14. CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	28
15. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.....	29
16. AVALIACIÓN DA PXA .....	30

## 1. INTRODUCCIÓN

No presente curso 2024-2025 o Equipo Directivo foi nomeado por un ano debido a unhas circunstancias extraordinarias que aconteceron o curso pasado e que pasamos a describir.

O pasado curso 2023-2024 comezou cun novo Proxecto de Dirección para catro anos no noso centro que non chegou a rematar o curso. O IES do Milladoiro atravesou unha profunda crise de convivencia, na que se xerou moito malestar en toda a comunidade educativa e na que o principal damnificado foi o alumnado.

Este proceso de crise foi avaliado cunha auditoría integral -por parte de dúas inspectoras e un inspector alleos ao centro- e concluíu cun cambio na dirección e na inspección do centro.

A maiores tamén se modificou a configuración do Departamento de Orientación, ampliándose de xeito excepcional unha Orientadora para o presente curso.

De todas e todos é sabido que o IES do Milladoiro é un centro con grandes necesidades de atención á diversidade que precisa dunha reformulación das medidas de reforzo e apoio pero tamén de medidas extraordinarias, cos seus respectivos protocolos debidamente establecidos. Agardamos que esta medida extraordinaria de reforzo no Departamento de Orientación teña continuidade en vindeiros cursos.

O director que presentara o proxecto renunciou no mes de abril ao seu cargo e posteriormente non foi posible realizar unha transición normalizada entre equipos. Así pois, tivo que formarse de urxencia unha dirección transitoria para rematar o curso ate o nomeamento accidental por un ano no mes de xullo do actual equipo. Nese proceso de transición constatouse que existían certas anomalías na xestión do centro e ficaron sen poder realizarse de forma correcta o seguimento e as memorias de numerosos programas como: PROA+, Spring Week, Acreditación de Linguas, Contratos Programa, Campaña de Leite e Froita...

Na actualidade o centro está nun momento de renovación importante do claustro, con varias incorporacións por concurso de traslados e outro profesorado provisional. O actual equipo directivo considera que isto é unha fortaleza para o centro a diferentes niveis, tanto desde o punto de vista organizativo, convivencia, xestión relacional e procura dun control e mellora continua de resultados, pero especialmente cara a unha necesaria normalidade. Prova disto é a cantidade de propostas pedagóxicas e proxectos nos que solicita participar o profesorado este curso, ao igual que a implicación nos Plans de Formación Permanente do Profesorado.

O curso 2024-25 preséntase como unha gran oportunidade para que este Centro educativo recupere e potencie a imaxe positiva que merece e incremente a participación activa en diversos programas e proxectos estratéxicos, entre eles traballarase para garantir a reactivación da Sección Bilingüe no centro o próximo curso.

Outra fortaleza que observamos é a implicación da ANPA na normalización do proceso de colaboración e reconstrución do centro, participando activamente da vida do mesmo e achegando propostas e colaboracións moi necesarias para camiñar na mesma dirección.

Así pois, no presente curso estamos traballando nun proceso de reconstrución de toda a comunidade educativa do noso centro, estruturado en varias fases, nas cales fixamos uns obxectivos comúns para a mellora da atención aos diversos sectores.

Dito proceso precisa dunha serie de actuacións conxuntas que requiren mudar sinerxias adquiridas e trazar unha nova folla de ruta para a mellora do proceso ensino-aprendizaxe. Para isto precisamos tecer pontes de comunicación efectivas e afectivas que redunden na mellora da convivencia positiva de todas as persoas que formamos parte desta comunidade.

Porén, é preciso tomar consciencia colectiva da importancia da mudanza que pretendemos crear e a importancia de cada unha de nós no dito cambio.

O obxectivo final é sempre mellorar a atención educativa do alumnado coa complicitade e acompañamento das familias, do persoal non docente, profesorado... e construír un centro educativo aberto e respectuoso.

Para isto consideramos necesario traballar transversalmente, en cooperativo e na mesma dirección, consensuando as liñas do traballo en rede para mudar a narrativa instaurada de centro e potenciar a riqueza e o valor da nosa interculturalidade.

Este ano de reconstrución, estase a realizar un traballo de sensibilización co profesorado para participar e promover proxectos educativos que axuden a construír un proxecto educativo de centro sólido e que nos identifique con orgullo.

En definitiva, tentar construír entre todas e todos un proxecto educativo de centro do IES do Milladoiro baseado nun Contedor Intercultural que fomente a convivencia positiva e darlle visibilidade a todo este traballo a través da primeira **Semana Intercultural**.

Porén, precisamos crear un selo de identidade educativo baseado na educación de calidade, na equidade, no compromiso eco-lingüístico, na xustiza social, no feminismo, no ecoloxismo...

Porque no Milladoiro... **SOMOS DIFERENTES... SOMOS REFERENTES!!!**

## DATOS DO CENTRO



<b>Denominación</b>	I.E.S. do Milladoiro
<b>Código do centro</b>	15032807
<b>Domicilio</b>	Paseo da Igualdade 5
<b>Localidade</b>	O Milladoiro
<b>Concello</b>	Ames
<b>Código postal</b>	15895
<b>C.I.F.</b>	S1500113D
<b>Teléfono</b>	881 867863
<b>Correo electrónico</b>	ies.milladoiro@edu.xunta.gal

**EQUIPO DIRECTIVO** nomeado para o curso 2024/25 está composto polo seguinte profesorado:

<b>Director</b>	Manuel Maseda Deán
<b>Vicedirectora</b>	María Sánchez Cabanelas
<b>Xefa de Estudos</b>	Patricia María Calviño Facal
<b>Secretaria</b>	María Dolores Padín Bascuas

## OFERTA EDUCATIVA

<b>ESO</b>	Ensinanza Secundaria Obrigatoria
<b>ESO_PDC</b>	Ensinanza Secundaria Obrigatoria PDC
<b>BAC</b>	Bacharelato Humanidades e Ciencias Sociais
<b>BAC</b>	Bacharelato Ciencias e tecnoloxía

### MATRÍCULA CURSO ACTUAL (527 alumnas/os)

<b>Etapas</b>	<b>Curso</b>	<b>Total</b>
BAC	1º	76
BAC	2º	66
ESO	1º	83
ESO	2º	117
ESO	3º	85
ESO	4º	80
ESO_PDC	3º	10
ESO_PDC	4º	10

### PERSONAL DOCENTE (53)

<b>Personal docente</b>				
<b>Corpo</b>	<b>Definitivos</b>	<b>Provisional</b>	<b>Itinerante</b>	<b>Total</b>
Mestres	1	1	0	2
PTFP	0	0	0	0
PES	33	12	0	45
Catedráticos	4	0	0	4
Outros	1		1	2

### PERSONAL NON DOCENTE (8)

<b>Posto</b>	<b>Total</b>
Administrativo	1
Coidador	1
Limpeza	4
Subalterno	2

## 2. OBXECTIVOS PARA O CURSO 2024-25

A presente relación de obxectivos para o curso 2024-2025 é unha proposta de actuación da actual dirección, unha vez analizada a anómala situación do curso pasado, para tentar reconstruír entre todas e todos o normal funcionamento do centro. Non existe ningunha memoria da PXA do curso pasado, polo tanto, para este reto é preciso trazar unha folla de ruta consensuada e baseada principalmente na atención á diversidade e na mellora da convivencia positiva no centro.

<b>Obxectivo 1: Avanzar na consecución dun programa de tránsito do alumnado novo que chega a 1º da ESO e un plan de acollida para o alumnado que chega ao longo do curso.</b>			
<b>Acción 1</b>	Actualizar os protocolos de acollida de alumnado novo e a comunicación co CEP de Ventín		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Protocolos actualizados e revisados.</li> <li>• Aplicación efectiva ao alumnado de 1 ESO do curso 2024-25</li> <li>• Realización de entrevistas de intercambio de información</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	ED, DO, Coordinadora de Benestar e Convivencia		
<b>Recursos</b>	Plan de Acollida, Programa TEI (Entre 1º e 3º)		
<b>Acción 2</b>	Dispoñer de documentación, libros e materiais en formatos de lectura fácil para o acollemento lingüístico		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aumento do número e consulta dos recursos elaborados en formatos de lectura fácil. Alumnado acolledor e acollido.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Biblioteca, DO, Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística		
<b>Recursos</b>	Plan Lector, Radio		

<b>Obxectivo 2: Fomentar a convivencia positiva e traballar a provención, a resolución pacífica de conflitos e a restauración.</b>			
<b>Acción 1</b>	Traballo de formación e intervención cos Equipos de Axuda		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración das xornadas de formación con rúbrica</li> <li>• Calidade da participación</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	XE, Coordinadora de Benestar e Convivencia		



<b>Recursos</b>	Plan de Convivencia, Plan de traballo da coordinación de Benestar e Convivencia		
<b>Acción 2</b>	Fomentar o clima de convivencia positiva nos primeiros cursos da ESO.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Redución da conflitividade xurdida nos cambios de clase.</li> <li>• Redución da conflitividade xeral nos primeiros cursos da ESO.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	XE, Coordinador de convivencia e Benestar		
<b>Recursos</b>	NOFC, Plan de convivencia		
<b>Acción 3</b>	Promover as experiencias e a formación en mediación e restauración.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aumento dos conflitos solucionados sen intervención de procedementos correctores no procedemento común.</li> <li>• Redución da conflitividade percibida.</li> <li>• Número de intervencións realizadas.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	ED, DO, Claustro, Familias		
<b>Recursos</b>	Plan de Convivencia, PFPP (círculos restaurativos), Escola de Familias		
<b>Acción 4</b>	Mellora das estratexias de intervención e prevención nas gardas de recreo		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Redución da conflitividade xurdida nos tempos de lecer.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Dirección, Xefatura de Estudos, Departamento de E.F.		
<b>Recursos</b>	NOFC, Comisión de convivencia, Recreos Activos		

**Obxectivo 3: Construír unha nova narrativa do centro en positivo, aberto á comunidade e cunha filosofía de portas abertas que nos empodere como colectivo socio-educativo.**

<b>Acción 1</b>	Fomentar a convivencia positiva a través da cultura de centro. Construír un selo de identidade educativo baseado na educación de calidade, na equidade, no compromiso eco-lingüístico, na xustiza social, no feminismo, no ecoloxismo e poñendo en valor a nosa diversidade. Porque no Milladoiro... SOMOS DIFERENTES... SOMOS REFERENTES!!! Darlle visibilidade a todo este traballo a través da primeira <i>Semana Intercultural</i> do IES do Milladoiro		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de reunións da xunta de delegados.</li> <li>• Reunións coas familias</li> </ul>		

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reunións co profesorado</li> <li>• Reunións co PAS</li> <li>• Os proxectos dos diversos departamentos e comisións implicados.</li> </ul>
<b>Responsables</b>	ED, Comisión de Convivencia, ANPA, DO
<b>Recursos</b>	CONSELLO ESCOLAR (renovado), Orzamentos, Colaboracións
<b>Acción 2</b>	Restablecemento dos acordos baixo os convenios marco da Xunta de Galicia con entidades colaboradoras do centro como IGAXES, AGARESO, SECRETARIADO XITANO... Afianzar convenios de colaboración co Concello e restaurar a Rede do Milladoiro dun xeito efectivo e afectivo. Restaurar a colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Calendario de reunións programadas.</li> <li>• Realización das reunións (orde do día e documentos)</li> <li>• Nº de reunións bilaterais coas diversas organizacións</li> </ul>
<b>Responsables</b>	ED, Vicedirección, Coordinadora de Benestar e Convivencia, DO
<b>Recursos</b>	Convenios e Acordos con organismos relacionados: Programas de Reforzo, Tutorías Individualizadas, Acompañamento Emocional Coidadosamente, Proxecto A Tribo do Milladoiro...
<b>Acción 3</b>	Reforzo das reunións de tutorías con Orientación e XE para avanzar na coordinación de actuacións do equipo docente e acompañamento do alumnado.
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Rexistro das reunións dos equipos de traballo</li> <li>• Rexistro das reunións do equipo docente e informe que as súas medidas son de aplicación efectiva.</li> </ul>
<b>Responsables</b>	XE, DO, Equipo de tutores/as.
<b>Recursos</b>	PAT

<b>Obxectivo 4: Fomentar o Selo de Vida Saudable e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</b>	
<b>Acción 1</b>	Programa de actividade nos tempos de lecer: gardas activas e recreos activos.
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de gardas implicadas.</li> <li>• Número de períodos de lecer dentro do programa.</li> </ul>
<b>Responsables</b>	Vicedirección, Dpto. Ed. Física, Equipo docente.
<b>Recursos</b>	Plan de actividades complementarias e extraescolares

<b>Acción 2</b>	Reparto de froita e leite fresco		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicación do programa</li> <li>• Volume efectivo de consumo dos produtos</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Secretaría e Vicedirección		
<b>Recursos</b>	Plan da Consellería (acordo con FOGGA)		
<b>Acción 3</b>	Plans Proxecta solicitados en relación con esta temática como o XOGADE e os Proxectos Competenciais de 1º da ESO (Ao Son da Paisaxe II) e 4º da ESO (Nutriescolas).		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de alumnado implicado.</li> <li>• Número de períodos de lecer dentro do programa.</li> <li>• Número de saídas didácticas</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Vicedirección, Dpto. Ed. Física, Equipo docente e titorías.		
<b>Recursos</b>	Consellerías inseridas nos Plans Proxecta, Concello e Centro.		

### Obxectivo 5: Actualizar as instalacións de aulas de informática do centro e o espazo de polos creativos.

<b>Acción 1</b>	Instalación de 32 equipos informáticos nunha dobre aula con separación de biombo e adaptación do espazo de polos creativos.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Porcentaxe de actualización dos equipos obsoletos</li> <li>• Retirada de equipos obsoletos</li> <li>• Substitución dos Proxectores danados</li> <li>• Solicitud de novos equipos portátiles para o DO e profesorado</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	Secretaria, Coord. TIC		
<b>Recursos</b>	Polos Creativos, Recursos da Administración Pública.		

### Obxectivo 6: Fomentar a dinámica de traballo en equipo e a formación permanente

<b>Acción 1</b>	Mellorar a convivencia no centro a través de prácticas restaurativas nun proxecto conxunto co IES de Brión.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Difusión efectiva.</li> <li>• Aumento do nivel acreditado no conxunto do profesorado</li> <li>• Mellora da convivencia entre o profesorado</li> </ul>		

	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo Intercentros</li> </ul>
<b>Responsables</b>	ED, Coordinadora do Grupo de Traballo
<b>Recursos</b>	PFPP, CAFI
<b>Acción 2</b>	Difundir o marco de competencias docentes
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T      3º T
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Difusión efectiva.</li> <li>Aumento do nivel acreditado no conxunto do profesorado (un grao como mínimo no conxunto do claustro de media).</li> </ul>
<b>Responsables</b>	ED, CAFI, Sindicatos
<b>Recursos</b>	PFPP
<b>Acción 3</b>	Internacionalizar o noso centro mediante a solicitude de acreditación Erasmus+
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coordinación do Grupo de Traballo</li> <li>Participación en e-twinning</li> <li>Acreditación na SEPIE</li> <li>Colaboracións con outros centros</li> </ul>
<b>Responsables</b>	ED, CAFI, Coordinadora do Grupo de Traballo
<b>Recursos</b>	PFPP, CAFI
<b>Acción 4</b>	<b>Coñecer e manexar os recursos do Polo Creativo</b>
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Emprego da aula de polos creativos</li> <li>Aumento do nivel acreditado nas ferramentas do mesmo</li> </ul>
<b>Responsables</b>	ED, Coordinador TIC, Grupo de Traballo
<b>Recursos</b>	PFPP, CAFI

### Obxectivo 7: Revisar protocolos de xestión de centro e adaptalos á realidade do mesmo.

<b>Acción 1</b>	Trazar as liñas identitarias do Proxecto Educativo do Centro
	<b>Temporalización</b>
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Debater nos órganos colexiados as liñas</li> <li>Consensuar propostas</li> <li>Redacción do documento</li> </ul>
<b>Responsables</b>	ED, CCP, Claustro, Consello Escolar
<b>Recursos</b>	Normativa Documentos previos

<b>Acción 2</b>	Elaborar un plan de comunicación con protocolos eficientes e claros para toda a comunidade educativa.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Renovación da información.</li> <li>• Porcentaxe de actividades comunicadas sobre o total.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	ED		
<b>Recursos</b>	Abalar, Reunións Físicas, Páxina Web, Proxector da Entrada...		
<b>Acción 3</b>	Realizar un simulacro de evacuación		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T	3º T
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración da intervención.</li> <li>• Achega de propostas de mellora.</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	ED, Vicedirección, Coordinador do Plan de Autoprotección		
<b>Recursos</b>	Protección Civil, Bombeiros e Policía Local.		
<b>Acción 4</b>	Mellorar as canles de comunicación coa familia para evitar o absentismo.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Número de comunicacións segundo incidencias		
<b>Responsables</b>	XE, Persoas titoras		
<b>Recursos</b>	Protocolo absentismo		
<b>Acción 5</b>	Revisar as NOFC do centro e o Uso da Aula de Convivencia		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración das achegas da CCP, Claustro e Consello Escolar</li> <li>• Consensuar as medidas para as propostas de addenda cando se considere oportuno</li> </ul>		
<b>Responsables</b>	ED, XE, Claustro e Consello Escolar		
<b>Recursos</b>	NOFC, Plan de Convivencia		
<b>Acción 6</b>	Actualización do protocolo de actividades extraescolares e complementarias.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T
<b>Indicador</b>	Redacción do documento		
<b>Responsables</b>	ED, Vicedirección		
<b>Recursos</b>	PE, Protocolo de actividades extraescolares e complementarias.		

**Obxectivo 8: Fomentar os coidados da atención á diversidade para conseguir unha excelencia equitativa do noso alumnado. AULA DE CONVIVENCIA, CHARLAS PARA 2º BACH, COIDADADO EMOCIONAL**

<b>Acción 1</b>	Establecer unha canle de comunicación eficaz entre DO e profesorado para coñecer a casuística do alumnado NEE e NEAE		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T	3º T
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Redacción de pautas e orientacións para as medidas</li> <li>• Seguimento da Aula Virtual</li> <li>• Valoracións, achegas e propostas de mellora</li> <li>• Seguimento das propostas de mellora realizadas polo profesorado de Pedagogía Terapéutica</li> <li>• Achegas da persoa coidadora</li> </ul>		
Responsables	ED, DO, PT		
Recursos	Protocolo de comunicación, Actas das reunións		
<b>Acción 2</b>	Protocolarizar o Plan de Orientación vocacional e colaborar activamente coa Feira das Profesións Intercentros.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguimento das intervencións</li> <li>• Charlas informativas</li> <li>• Balance da feira das profesións</li> </ul>		
Responsables	ED, DO, Reunións de persoas titoras, Familias		
Recursos	Páxina Web, CIUG, Aula Virtual, FP, POE		
<b>Acción 3</b>	Fornecer a coordinación entre o DO e as persoas titoras para aconsellar ao alumnado sobre a elección de materias, itinerarios e posibilidades de futuro do alumnado.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar reunións</li> <li>• Xornadas específicas</li> </ul>		
Responsables	ED, DO, Tutorías		
Recursos	PAT, POE		
<b>Acción 4</b>	Valorar os itinerarios propostos na matrícula segundo a posibilidades de recursos do centro e a demanda académica		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Observar a oferta educativa deste curso e as súas limitacións</li> <li>• Valorar a opinión das familias e do alumnado que está a cursar materias no San Clemente</li> </ul>		

	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realizar unha reflexión entre departamentos para consensuar unha oferta acaída á idiosincrasia do centro</li> </ul>		
Responsables	XE, CCP, Claustro, Consello Escolar		
Recursos	Concreción Curricular, Follas de matrícula, Formularios		
<b>Acción 5</b>	Colaboración coas entidades do terceiro sector para mellorar a atención á diversidade, a equidade e os coidados emocionais.		
	<b>Temporalización</b>		
	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 33%; text-align: center;">1º T <input checked="" type="checkbox"/></td> <td style="width: 33%; text-align: center;">2º T <input checked="" type="checkbox"/></td> <td style="width: 33%; text-align: center;">3º T <input checked="" type="checkbox"/></td> </tr> </table>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>
1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resultados das titorías individualizadas de IGAXES</li> <li>Terapias Familiares (IGAXES)</li> <li>Coidado emocional e xestión do estrés en 2º BACH (Coidadosamente)</li> <li>Evitar o discurso de odio (AGARESO)</li> <li>Control do Absentismo e aulas de apoio (Secretariado Xitano)</li> <li>Seguimento a familias en risco de exclusión social (Cáritas)</li> </ul>		
Responsables	ED, DO, CCP, Claustro e Consello Escolar, Entidades do 3º sector		
Recursos	Lexislación, PEC		

### 3. HORARIO XERAL DO CENTRO

O [calendario](#) desenvolverase segundo as seguintes directrices da *ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

O centro aprobou en Consello Escolar solicitar á Xefatura Territorial permiso para considerar o venres **30 de maio como día non lectivo**.

O horario xeral do Instituto é de 8:30 a 15:00; os luns, martes e mércores abre pola tarde de 16:00 a 19:00. Durante este curso o centro permanecerá aberto os luns e os mércores polas tardes.

O horario lectivo do centro é o seguinte: de luns a venres desde as 08:50 ata as 14:30 e a tarde do martes de 16:30 a 18:10.

As clases son sesións de cincuenta minutos entre as que terán lugar dous recreos de vinte minutos (10:30-10:50 e 12:30-12:50).

<b>1º período lectivo: 8:50 - 9:40</b>
<b>2º período lectivo: 9:40 -10:30</b>
<b>Recreo 10:30 – 10:50</b>
<b>3º período lectivo: 10:50 - 11:40</b>
<b>4º período lectivo: 11:40 - 12:30</b>
<b>Recreo: 12:30 - 12:50</b>
<b>5º período lectivo 12:50 -13:40</b>
<b>6º período lectivo 13:40 - 14:30</b>
<b>Xantar: 14:30 - 16:30</b>
<b>7º período lectivo 16:30 – 17:20</b>
<b>8º período lectivo 17:20 – 18:10</b>



Horario de atención ás familias: Todo o profesorado dispón no seu horario dunha hora de atención ás familias, que está dispoñible na páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/109>

O Instituto cede as instalacións externas e deportivas ao Concello de Ames diversas tardes da semana de 16:00 a 21:30. As condicións de apertura das instalacións para dar servizo ás actividades deportivas do Concello está regulado por un acordo de colaboración entre o Instituto e o Concello. O centro tamén cede as instalacións á ANPA dentro do mesmo horario e condicións.

**Horario do persoal de servizos administrativos:** de 7:45 a 15:15 de luns a venres.

**Horario de apertura do centro:**

De luns a venres: de 8:30 a 15:00

Luns: de 16:00 a 19:00

Martes: de 16:00 a 19:00

Mércores: de 16:00 a 19:00

**Horario do persoal de limpeza:**

De 14:30 a 22:00, de luns a venres mais unha persoa en horario de mañá de 9:30 a 17:00.

**Horario de verán:**

**Xullo:** (horario de atención ao público): de 9:30 a 13:30.

**Agosto:** O centro dispón dunha soa persoa para atender a Secretaría, que debe permanecer aberta durante o mes de xullo. No mes de agosto facilítase un teléfono para atender urxencias.

## 4. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O IES do Milladoiro comprende unha área extensa con tres zonas que precisan do uso do transporte escolar: a zona Este con puntos de poboación limítrofes co concello de Santiago de Compostela, a zona Oeste limítrofe co Concello de Teo e a zona Sur que abrangue certas localidades de importancia que están entre o Milladoiro e Bertamiráns.

De momento, o número de alumnado que precisan deste servizo permite unha única liña.

Este servizo atende a 28 persoas, das que 23 son alumnos e alumnas da ESO e 5 de Bacharelato.

O servizo de transporte escolar funciona conforme estas especificacións:

### TRANSPORTE ESCOLAR DO IES DO MILLADOIRO. RUTA E PARADAS

<b>EMPRESA</b>	UTE ESCOLAR LOTE 7	15120
<b>CONTRATO</b>	ED1507	

ENTRADA SAÍDA				
	Mañá	Tarde mt.	Mañá	Tarde mt.
<b>Hora inicio:</b>	08:20	15:55	14:40	18:20
<b>Hora fin:</b>	08:45	16:20	15:05	18:45

### Paradas

N.º	Nome da parada	km
1	Framil 1	1,3
2	Moniña	1,2
	Coira	0,6
3	Ventín	0,7
4	Paramuíño	0,6
	Biduído de Arriba, 23	1,7
5	Raíces	0,4
6	Casanova	0,6
7	Biduído de Abaixo	2,8
8	IES do Milladoiro	00

## 5. CONCRECIÓN CURRICULAR

A **Concreción Curricular** está a disposición da comunidade educativa na web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Concreci%C3%B3n%20Curricular%20curso%202022-2023.pdf>

Esta concreción será actualizada ao longo do curso conforme o Claustro aprobe os documentos pertinentes.

## 6. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares réxense por un protocolo dispoñible na web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/PROTOCOLO%20actividades-.pdf>

O Protocolo foi aprobado na Comisión de Coordinación Pedagóxica do 26 de novembro e modificado nas reunións da CCP de 8/3/2016, do 22/2/2017 e do 23/10/2018. Modificado – dietas– en Consello Escolar de 8/4/2019 e finalmente en CCP 21/11/2023).

O programa de actividades complementarias e extraescolares está publicado na web do centro e posto á disposición para a consulta da comunidade educativa na seguinte ligazón:

[https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/PROGRAMACI%C3%93N\\_VICEDI\\_RECCI%C3%93N\\_24\\_25\\_0.pdf](https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/PROGRAMACI%C3%93N_VICEDI_RECCI%C3%93N_24_25_0.pdf)

## 7. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega está coordinado pola profesora **Raquel Miragaya Rodríguez** (Lingua Castelá e Literatura) e formado, no relativo ao profesorado por Manuel Maseda Deán (Música), María Dolores Padín (Matemáticas), Milagros Diéguez Taboada (Matemáticas) e Patricia Calviño Facal (Lingua e Literatura Galega).

Nos diferentes proxectos anuais hai profesorado colaborador das diferentes áreas e tamén a colaboración do profesorado do departamento de Lingua Galega e Literatura que non forma parte activa do EDLG. As persoas que representan ao alumnado son:

**1º ESO B** (Alina Vesjolijs Mato)

**1º ESO D** (Enma Pérez Rodríguez, Aida Agulla Sende, Carolina Arias Vázquez)

**2º ESO A** (Mariña Dopico, Ainhoa Díaz, Dilayla Ramos)

**2º ESO B** (Silvia Celada López, Aroa Cacheiro, Noela Gómez, Marina Zapardiel, Aldara Calvo, Alba Castelo)

**2º ESO C** (Lara Fernández, Zoe Fernández, Uxía Rodríguez, Thais Vilar)

**2º ESO D** (Ada Asorey, Clara Barreiro, Carlota Quiñoy)

**3º ESO A** (Paula Ramos)

**3º ESO B** (Víctor García Nine)

## Representante do Persoal non docente (Jesús Dono Quintela)

O programa anual de actividades para a potenciación da lingua galega do Equipo de Dinamización Lingüística móstrase na seguinte ligazón:

[https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Programaci%C3%B3n%20EDLG\\_signed.pdf](https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Programaci%C3%B3n%20EDLG_signed.pdf)

## 8. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA

A Biblioteca do IES do Milladoiro está xestionada por un grupo de profesorado formado por María Jesús Barral Otero, Ana María Varela Cambeiro e **Margarita Rodríguez Ponseti**, que é a súa coordinadora.

A programación e as liñas prioritarias do *Plambe* están dispoñibles na seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/node/1747>

## 9. COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

A figura da persoa **Coordinadora de Benestar e Convivencia** está especificada da *ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia* e está xa presente na revisión levada a cabo do **Plan de Convivencia** no curso 22-23.

A persoa coordinadora no presente curso é a docente **María José Calvo Lodeiro**.

A súa actuación desenvólvese, en gran medida, a través da súa coordinación do **grupo de convivencia do IES do Milladoiro**, integrado ademáis por Xefatura de Estudos, coordinadoras de Igualdade, Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

A maiores coordina con IGAXES as titorías individualizadas do alumnado e os Equipos de Axuda. O seu traballo e coordinación directa co Departamento de Orientación é fundamental para desenvolver actividades conxuntas de benestar e convivencia.

Na páxina web do centro pódese consultar o **plan anual de actividades de coordinación de convivencia**.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/PLAN%20DE%20TRABALLO%20COORDINADORA%20DE%20CONVIVENCIA%20E%20BENESTAR.pdf>

## 10. COMITÉ DE IGUALDADE

---

No presente curso a Coordinación de Igualdade será asumida por **Julia Patiño Mallón**.

O Equipo de Igualdade está formado polo seguinte alumnado:

Mohammed Abu Komboz Alnemer (2ºESO), Carla Albela Padrón (4º ESO), Xiana Martina Alonso Castro (4º), Paula Angueira Fernandez (1º), Xiana Bustelo Tallón (4º), Carmen Casabella Cayazzo (1º), Lesly Angely de la Cruz Reyes (4º), Sofía Isabel Cueto Naranjo (4º), Ariadna Dafonte Inostroza (4º), Uxía Fernández Cerdeira (4º), Carmen García Tarrío (4º), Anxo Gómez Piñeiro (1º BACH), Candela González Cernadas (2º), Shaila Guerra Zas (2º), Lwilly Hernández Veras (4º), Paula Lourido Rodríguez (1º BACH), Sara Martínez Vázquez (1º BACH), Noa Moldes Domínguez (2º), Lucas Santiago Moreno Valencia (4º), Joaquin Pérez Cavalcante (4º), Thalía Rama Blanco (4º), Inés Romero Castro (2º), Sheila Santiago Santos (4º), Aroa Santiago Santos (4º), Laura Sixto Santiago (2º), Viktoria Kevin Sousa Cruz (4º), Sarah Uriona Vázquez (4º), Alina Vesjolijs Mato (1º).

As actividades programadas ao longo do curso teñen como obxectivo común realizar proxectos educativos pola igualdade de xénero. De feito, un dos proxectos vaise presentar ao certame Concepción Arenal da Deputación da Coruña, baixo o lema: *“As mulleres tamén facturan”*. A coeducación debe ser transversal e debe implicar a todo o profesorado, alumnado, familias e persoal non docente. Por iso, este proxecto vai dirixido a toda a comunidade educativa en xeral e, especificamente, ao alumnado do noso centro ao que lle queremos inculcar a idea de que é necesario dar visibilidade ao rol da muller na sociedade, na historia e, sobre todo, no mundo laboral. Neste último é onde aínda se observa unha evidente desigualdade de xénero en determinadas especialidades laborais estereotipadas. A través deste proxecto preténdese dar ás alumnas modelos empresariais nos que fixarse.

O Plan de Igualdade do centro pódese consultar na seguinte ligazón:

[http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Plan\\_Igualdade.pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Plan_Igualdade.pdf)

## 11. PROGRAMA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO NO CENTRO

---

No presente curso mantívose unha reunión coa coordinadora do CAFI para valorar as novas liñas de actuación propostas, os obxectivos xerais e os itinerarios do presente curso e solicitouse a participación no Claustro. Cabe destacar que a resposta foi moi positiva e

participan 25 persoas en dous seminarios, un grupo de traballo e un curso (case a metade do Claustro).

<b>LIÑAS DE ACTUACIÓN PROPOSTAS</b>
<b>COMPETENCIA DIDÁCTICA</b>
<b>COMPETENCIA DE INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN</b>
<b>COMPETENCIA EN EDUCACIÓN INCLUSIVA E COEDUCACIÓN</b>
<b>OBXECTIVOS XERAIS</b>
<b>Mellorar a convivencia no centro a través de prácticas restaurativas</b>
<b>Coñecer e manexar os recursos do Polo Creativo</b>
<b>Internacionalizar o noso centro mediante a solicitude de acreditación Erasmus+</b>
<b>ITINERARIOS</b>
<b>Seminario: POLOS CREATIVOS (Coordinador Carmelo Cacabelos). 30h. 6h de docencia.</b>
<b>Seminario: CONVIVENCIA POSITIVA (Coordinadora Ana M<sup>a</sup> Vidal). 30h. 6 h docencia. Prácticas Restaurativas.</b>
<b>Curso: PRÁCTICAS RESTAURATIVAS. 10 h docencia. Rafael Pérez De Lis.</b> * Este Seminario está formado por 30 persoas nun proxecto colaborativo co IES de Brión
<b>Grupo de traballo: ACREDITACIÓN ERASMUS+ (Coordinadora Susana González). 20h. 4h de docencia.</b>

O PFPP para o presente ano pódese consultar no seguinte enderezo: (meter a listaxe do Plan de Formación neste espazo)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/ANEXO%20II%20PFPP%202024-2025.pdf>

## 12. ORZAMENTO DO CENTRO

Vaise solicitar unha ampliación extraordinaria do orzamento do centro de 10.000€ á Dirección

Territorial, cun informe motivado sobre as reparacións realizadas polo centro dos destrozos por mal uso ocasionados o curso pasado.

Cómpre seguir na liña de aforro enerxético e adecuación dos medios orzamentarios dispoñibles ás necesidades máis prioritarias do centro. A instalación fotovoltaica comeza este curso a funcionar e agardamos ver resultados positivos na baixada do consumo de luz.

É imprescindible seguirmos mellorando a asignación orzamentaria por parte da Consellería para poder acometer aquelas actuacións de mantemento, pequenas obras e adquisicións de material que van xurdindo.

Temos que ter en conta que se segue producindo un aumento no volume de ocupación do centro (deshobres, agrupamentos, medidas de atención á diversidade...) e no número de usuarios. Iso fai necesario que levemos a cabo pequenas obras de optimización de espazos. Ademais, cada vez hai máis dotacións que manter (actualmente temos os espazos do edificio empregados a un 100%) e máis reparacións que realizar.

### 13. PLANS, PROGRAMAS E PROXECTOS

A comunidade educativa do IES do Milladoiro sempre se caracterizou por realizar proxectos de innovación educativa e pola experimentación e consolidación de boas prácticas vinculadas con ámbitos moi diversos, como o lingüístico, científico, artístico... (A Rede do Milladoiro, o Selo de Vida Saudábel, o premio Antonio Fraguas, os recoñecementos en innovación educativa, Club de Debate, Radio, Contratos Programa, Plans Proxecta, Comité de Igualdade...).

Así pois, partindo da idiosincrasia da nosa vila, propónse traballar nas seguintes liñas co profesorado implicado (Aprobadas en Claustro e Consello o 18 de Setembro de 2024):

#### PROA+

Solicitouse e concedeuse un docente con perfil de Física e Química para reforzar o traballo nos laboratorios de ciencias.

Na seguinte ligazón aparece a resolución definitiva do Programa Proa+, mediante a cal se concede unha praza de Física e Química para apoiar a función dos departamentos de ciencias en laboratorios.

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/resolucion\\_definitiva\\_programa\\_proa\\_fse\\_pdf.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/resolucion_definitiva_programa_proa_fse_pdf.pdf)

#### BIBLIOTECA



Clubs de Lectura Radio na Biblio, Bibliotecas Solidarias, Alumnado axudante...

### PLAN ANUAL DE LECTURA

Nos Claustros celebrados no mes de setembro indicouse que nas programacións debían aparecer un apartado dedicado á contribución das materias impartidas ao Plan Lector do centro. Os departamentos elaboraron estratexias e presentaron materiais para este fin, recollidos nas distintas programacións.

En canto aos tempos de lectura, o Plan Lector do Centro recolle que se utilizarán os tempos de garda, cando falte un docente, para a lectura individual e libre.

Ligazón ao Plan Lector do centro

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Plan%20lector.pdf>

### PLANS PROXECTA

#### ASOCIADOS A PROXECTOS COMPETENCIAIS: (Implicación Titorías)

1º ESO (Marta Varela): Plan Proxecta 13: PAISAXE E SUSTENTABILIDADE (AO SON DA PAISAXE II)

2º ESO (Esther Barroso): Plan Proxecta 31: CORRESPONDENTES XUVENÍS

3º ESO (Margarita Ponsetti): CUESTIÓN DE DEREITOS (MÉDICOS DO MUNDO)

4º ESO (Yolanda Miranda) : Plan Proxecta 01: NUTRIESCOLAS

#### PROPOSTAS DE GRUPOS:

Ana Fernández (E.F.) Plan Proxecta 02: PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA (XOGADE)

Raquel Miragaia (ENDL) Plan Proxecta 37: Innovación en Dinamización Lingüística: Somos Diferentes... Somos Referentes!!!

### PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO

**CLUB DE CIENCIAS** (24-25) Coordinado por David Ponte (Bioloxía) cun grupo de traballo de profesorado e alumnado implicado. Aquí tedes máis información na ligazón ao respecto:

[https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/proxecto\\_Club%20de%20ciencias\\_24\\_25.pdf](https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/proxecto_Club%20de%20ciencias_24_25.pdf)

### SPRING WEEK (pendente de solicitar)

**Coordinadora: Isabel Doviso (Inglés)**

**ACREDITACIÓN LINGUAS ESTRANXEIRAS (solicitado)**

(Resolución 8 de outubro de 2024. E-certificación de Português Língua Estranxeira Camões Junior)

**Coordinadora: Carla Mara Nepomuceno (Português)**

**SELO DE VIDA SAUDÁBEL**

**Coordinador: Equipo Directivo**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/node/2138>

**PROXECTOS DE INCLUSIÓN EDUCATIVA**  
(Aprobado no Consello do día 30 de outubro)

- 1. Reforzo da inclusión educativa (Departamento de Orientación)**
- 3. Mellora da convivencia (M<sup>a</sup> José Calvo / Coordinadora de Benestar e Convivencia)**

**PROXECTOS INNOVA-LAB**  
(Aprobado no Consello do día 30 de outubro)

- 1. Mat-Lab:** O centro educativo como promotor do razoamento científico e do uso das novas tecnoloxías, con especial fincapé na competencia matemática (**Iván Capeáns**)
- 4. Sosti-Lab:** O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). (**Marta Varela Fernández**)

**PLAN DE EVACUACIÓN**

**Coordinador: Iván Capeáns / Equipo Directivo** (A realizar simulacro no 1º trimestre)

**ACORDOS DE COLABORACIÓN**  
(Terceiro Sector)

A prioridade de retomar a colaboración dun xeito natural e orgánico coas institucións que están a traballar de xeito comprometido co centro é de vital importancia para nós. Así pois, desde o verán, vimos traballando sectorialmente con diversos axentes para chegar a acordos de colaboración realizados expresamente para adaptarse á idiosincrasia do noso centro educativo.

**IGAXES** (Titorías individualizadas, Apoio a familias, Focus Group: AC/DC)

**AGARESO** (Proxecto Xeración Contra Info e A Tribo do Milladoiro)

**SECRETARIADO XITANO** (Apoio e seguimento alumnado. Control do absentismo)

**COLABORACIÓN COA ANPA**

Unha liña de actuación prioritaria para poder reconstruír o noso centro é tecer pontes de unión coas familias para traballar conxuntamente na súa mellora.

Realizaranse reunións de traballo conxuntas para poder analizar as achegas propostas pola ANPA e tratarase de avanzar en liñas de colaboración formativas que redunden no benestar emocional do alumnado e familias. Valoraranse tamén propostas conxuntas para as subvencións da Deputación da Coruña.

Nas reunións de familias organizadas a comezo de curso a ANPA presentouse como o seu elemento vertebrador, solicitando a colaboración e implicación das familias. Xa se están a desenvolver actividades formativas de inglés no centro, organizadas pola ANPA, e tamén colaborou activamente na andaina realizada co alumnado de 1º e 3º da ESO para traballar o encontro e acollida emocional dos grupos de acompañamento.

### EQUIPOS DE TRABAJO CO ALUMNADO

O empoderamento do alumnado así como alimentar o espírito crítico, o compromiso e o activismo son os piares dos seguintes equipos de traballo nos que profesorado e alumnado invisten xenerosamente o seu tempo de lecer. Preto de 200 alumnos/as pertencen a estes colectivos:

Comité de Igualdade  
Club de Ciencias  
Equipo de Normalización Lingüística  
Equipos de Axuda  
Voluntariado Biblioteca  
Equipo de Radio  
Clubs de Lectura  
Club de Xadrez  
Colectivo Musical Euterpe  
Orquestra da Regueifa  
Coro das Emocións...

### REDE DO MILLADOIRO

O IES do Milladoiro puxo en marcha no curso 2015/2016 unha Rede de traballo coas institucións coas que colabora o centro e que ten como eixes de traballo fundamental a convivencia e a saúde. Este curso escolar pretendemos retomar este imprescindible foro de reflexión no mes de Xaneiro. Xusto dez anos despois da súa creación.

Participan na Rede a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso), a Asamblea de Cooperación pola Paz (Acpp), a Asociación de Empresarios do Milladoiro, a Anpa do les do Milladoiro "Anpa Milla", o Centro de Saúde, Centro de Educación Primaria de Ventín, o Concello de Ames, a Escola Infantil do Milladoiro, a Fundación Secretariado Xitano, a Garda Civil do Milladoiro, a Inspección educativa e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Igxes3).

### PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (Aprobada no Claustro do 30 de outubro)

**Coordinadora: María Sánchez (Vicedirectora)**

[https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/PROGRAMACIÓN\\_VICEDIRECCIÓN](https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/PROGRAMACIÓN_VICEDIRECCIÓN)



[N\\_24\\_25\\_0.pdf](#)

**PLAN DIXITAL**  
*(Aprobado no Claustro do 30 de outubro)*

**Coordinador TIC: Carmelo Cacabelos**

[https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/PLAN%20DIXITAL%20IES%20MILLADOIRO%2024-25\\_0.pdf](https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/PLAN%20DIXITAL%20IES%20MILLADOIRO%2024-25_0.pdf)

## 14. CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

---

### 14. CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E A ACCIÓN TUTORIAL

O Plan Xeral de Atención á diversidade e os seus anexos están a disposición da comunidade na web do centro.

[http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Plan%20xeral%20de%20atenci%C3%B3n%20%C3%A1%20diversidade\\_1.pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Plan%20xeral%20de%20atenci%C3%B3n%20%C3%A1%20diversidade_1.pdf)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Plan%20xeral%20de%20atenci%C3%B3n%20%C3%A1%20diversidade-Anexo%20IX%20%28modelos%29.pdf>

## 15. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

---

O Plan de acción tutorial está a disposición da comunidade na web do centro.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/Plan.pdf>

A concreción destes plans para o presente curso 2024/2025 amósase na programación do Departamento de Orientación, que se pode consultar na seguinte ligazón:

[https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/POE%202024-2025\\_Definitivo.pdf](https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/system/files/POE%202024-2025_Definitivo.pdf)

## 16. AVALIACIÓN DA PXA

A PXA debe estar suxeita a un proceso de avaliación continuada a través da análise interna, nas reunións semanais do equipo de dirección, por un lado, e da análise das suxestións xurdidas nas sesións dos diferentes órganos de goberno do centro: Claustro, Consello Escolar e CCP.

A memoria final de Dirección non se realizou, polos motivos xa expostos na introdución, e debería recoller tamén as avaliacións resultantes para dar continuidade aos instrumentos presentados en cursos anteriores.

Neste caso adaptamos, de xeito excepcional, a seguinte rúbrica presentada en cursos anteriores:

<b>Obxectivos</b>		<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<b>Documentos de centro</b>	Revisións dos plans previstos				
	Revisión dos protocolos previstos				
<b>Participación cas familias</b>	Aumento da actividade de Anpamilla no centro				
<b>Plans, programas e proxectos</b>	PLAMBE e Radio na Biblio				
	PIE e Innova				
	Plan Dixital				
	Plan de formación de profesorado				
	Proxectos do centro				
<b>Participación do alumnado no Centro</b>	Participación do alumnado en plans e actividades do centro				
	O alumnado participou activamente mediante a Xunta de Delegados/as				
	O alumnado participou activamente mediante o Proxecto Correspondentes Xuvenís 3.0				
<b>Rede do IES do Milladoiro</b>	Realización de reunións da Rede de Milladoiro				
	A comunidade educativa recibiu información sobre as actividades da Rede do Milladoiro				